

Instituto da Lingua Galega (1999): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 3: *Fonética*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”. 517 p., 423 mapas.

O Instituto da Lingua Galega acaba de publica-lo terceiro volume do *Atlas Lingüístico Galego*. Como xa se ten repetido, esta obra dirixida por Constantino García e Antón Santamarina e realizada por Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Manuel González González é, posiblemente, a máis ambiciosa que empredeu ata o presente a lingüística galega, unha obra “nacional”, como a definiu Joan Veny (1996: 152). Para a súa realización estes tres investigadores fixeron unha enquisa lingüística de máis de 2700 preguntas en 167 lugares de todo o territorio lingüístico galego. O equipo encargado da preparación e da redacción deste volume estivo dirixido por Manuel González González, coa colaboración de Tiago Vidal Figueroa, e composto por Raquel Aira González, M. Xesús Gómez Sanjurjo, M. Asunción González González, Xosé A. Leis Ferreira, Begoña Varela Vázquez e Valentina M. Veiga Alonso, todos eles investigadores do I.L.G.

A pesar de que numeración dos mapas chega a 423, en realidade o volume contén 415, xa que en oito ocasións remítese para outros mapas en que se recollen varias informacións diferentes; así no mapa 47 “Resultados de lat. A acentuado seguido de semivocal procedente de L no grupo -LP-, lat. TALPA > toupa” remítese para o mapa 342, “Resultados do grupo latino -LP- en interior de palabra precedido de A”, que presenta tanto a evolución da vocal coma a do grupo consonántico, e de maneira semellante nos mapas 52, 53, 70, 88, 89, 97 e 422).

Os mapas están ordenados tematicamente. Iníciase o volume coa distribución xeográfica de certas formas con variación na posición do acento (como *páxaro ~ paxaro, cántiga ~ cantiga*), tratada en 4 mapas. A continuación preséntanse os resultados das vocais latinas en diferentes contextos, atendendo de maneira moi especial ás evolucións que deron lugar a resultados diverxentes en diferentes variedades do galego actual, como a “metafonía” e os resultados dos encontros secundarios de vocais no interior de palabra por causa da perda de -N- ou -L- intervocálicos, principalmente. Despois trátanse cuestións referidas ás vocais átonas, coma a “harmonización” das vocais pretónicas, labializacións, síncope, etc. A partir do mapa 151 estúdase a evolución do consonantismo (consoantes simples e grupos consonánticos), con atención a aqueles aspectos máis relevantes da dialectoloxía galega, como a gheada, o seseo, o rotacismo e varios outros fenómenos, en particular os resultados da evolución de -N- intervocálico latino, que ocupa nada menos ca 54 mapas (209-262, ambos inclusive).

O volume remata cun índice de mapas e cun índice de formas (incluídas tamén terminacións, sons e grupos de sons tratados especificamente), que nos remite ó mapa en que se estudia cada unha delas. Se xa non resultaba difícil orientarse neste volume, dada a claridade da súa ordenación, estes índices fan que sexa aínda máis manexable.

A orientación coa que están realizados os mapas é fundamentalmente diacrónica. Esta perspectiva, como xa explican os autores na introducción (p. 11),

vén dada pola concepción do cuestionario, que segue a metodoloxía clásica dos atlas lingüísticos románicos e que se incardina con varios outros proxectos de maior alcance xeográfico. Entre os seus obxectivos fundamentais estaban os de poder compara-lo dominio lingüístico galego cos das outras linguas veciñas e o de coñece-la realidade dialectal dentro deste territorio lingüístico, que á altura de 1974 eran metas ben ambiciosas e que felizmente foron alcanzadas con este traballo. Así, os títulos dos mapas non deixan dúbida, xa que a gran maioría é do tipo “Resultados do lat. U<sup>o</sup> acentuado no grupo -U<sup>o</sup>KT-“ (mapa 6). Pero o feito de que os datos non se presenten agrupados en subsistemas de fonemas ou por oposicións fonolóxicas, non quere dicir que a información contida neste volume soamente teña interese para a fonética histórica ou para a dialectoloxía, xa que tamén é de grande importancia para o estudio sincrónico da fonética e da fonoloxía galegas. Ó longo de varios centos de mapas, o estudioso do galego vai atopando miles de datos sobre o vocalismo e sobre os aspectos máis relevantes do consonantismo da lingua galega moderna. Unha parte desa información xa foi obxecto de traballos particulares e xa circula desde hai anos nos manuais e mesmo nos libros escolares de lingua galega, como acontece coa distribución e coas realizacións da gheada ou do “seseo”. Un bo exemplo de explotación sincrónica destas informacións é o traballo do propio Manuel González (1991) sobre os subsistemas de sibilantes.

Neste volume, como xa ocorría nos dous anteriores, a información cartográfica está excelentemente presentada. Na utilización dos símbolos que representan as diferentes variantes lingüísticas nótase un considerable esforzo de coherencia e de claridade, que permiten un manexo áxil e agradable dos mapas, nos que se percibe dunha soa ollada, gracias ó adecuado emprego de formas e cores, a distribución das variantes e dos grupos de variantes no territorio lingüístico galego. Ademais, os mapas deste volume foron realizados a través dun programa informático que permite automatizar en boa medida a representación espacial das diferentes variantes lingüísticas; as principais consecuencias para o investigador que consulta o mapa son, por unha parte, a mellora sensible da calidade gráfica dos mapas lingüísticos e, por outra, unha maior garantía de fidelidade, xa que este proceso minimiza as posibilidades de erros involuntarios na asignación das representacións das diferentes variantes nos puntos do mapa.

Posiblemente o único reparo que se lle poida facer neste aspecto son algúns problemas de coherencia entre os títulos dos mapas e as lendas, é dicir, mapas en que algunhas lendas non corresponden exactamente co enunciado do título. Así, no mapa 357, p.e., “Resultados do grupo latino -SK- seguido de vocal palatal, lat. FASCE > feixe” na lenda aparecen como variantes [ej] [ejs] [ejs] e [ejs], cando resulta claro que a vocal [e] non debería figurar no resultado do grupo -SK-. Neste caso, como nalgúns outros, este proceder sérvelles ós autores para explicar no mesmo mapa a evolución do A latino nese contexto, e no lugar correspondente a esta evolución (mapa 52) remiten a este mesmo mapa 357; tamén ocorre o mesmo, p.e., co latín TALPA e FASCI★A (mapas 47 e 53, respectivamente, correspondentes á vocal tónica, que remiten ós números 342 e 417, onde se estudia a evolución dos grupos consonánticos nesas voces). Este pequeno problema podería resolverse simplemente poñendo como lenda a forma completa das variantes resultantes, como se fai p.e. en lat. VALLE e FO★LLE (mapas 290 e 291, ós que remite o mapa 70). Non obstante, unha xustificación semellante non é válida para outras lendas en que aparecen máis sons dos que proceden do grupo tratado, como nos resultados do grupo -TTJ- en lat. (MALA)

MATTIANA > mazá (mapa 409), con lendas que inclúen a vocal pretónica ([a<sup>θ</sup>] [a's] [a's], etc.). Nin tampouco para algún outro caso, como no mapa 393, resultados do grupo latino -Rj- en CO★RI★U > coiro, en que tralas lendas [jɾ] e [wɾ] inclúense [wer] e [wejɾ], cun ditongo que procede doutros sons non incluídos no grupo tratado; algo parecido encontramos nos mapas 18 e 19, que estudian os resultados de U★ tónico e átono no grupo -U★LT- en lat. MU★LTU e CU★LTE★LLU, con lendas como [oj] [uj] [utj] [u], etc. Na gran maioría dos mapas, non obstante, as lendas cínxense estritamente ó enunciado do título do mapa.

Dado que este volume estudia soamente os aspectos fonéticos, en principio non se ten en conta a variación léxica allea á evolución dos sons ou grupos latinos estudiaados, sexa pola influencia do castelán ou por outras razóns, xa que eses contidos deberán ser tratados nos volumes referidos ó léxico. Así, p.e., no mapa correspondente a lat. MO★LA > moa (número 124), elaborado a partir de tres preguntas diferentes, non se contemplan os efectos da penetración do castelán *muela*; este criterio é mantido con bastante coherencia, aínda que outras veces se inclúen respostas atribuíbles á penetración da forma castelá, coma a terminación [-ena] para o latín COLME<sup>3</sup>NA e AVE<sup>3</sup>NA (mapas 226 e 227), se cadra porque a súa exclusión podería parecer arbitraria; e finalmente nun único caso (mapa 402, lat. AQUÍ★LA > aguia) introdúcese esa atribución de maneira explícita, e cítase entre as respostas: “águila (forma castelá)”.

Un último aspecto mellorable referente á presentación dos mapas sería o tratamento de determinados grupos consonánticos en cultismos que pasaron á fala popular, e que deberían manterse diferenciados da evolución patrimonial deseos mesmos grupos. Por exemplo, no mapa 326 trátase a evolución do grupo -KT- en interior de palabra na palabra lat. RECTA > recta (con variantes “reta”, “reuta” e “rezta”), co mesmo título e presentación có mapa anterior (325), correspondente a lat. FACTU > feito (co único resultado “feito”), e có seguinte (327), onde se presentan os resultados de lat. NO★CTE (coas formas “noite, nuite, noute, nunte”). É obvio que o comportamento diverxente dese grupo no lat. RECTA non obedece a unha evolución diferenciada desa palabra desde o latín ó galego, senón a que no mapa 326 o que se presenta son as adaptacións fonolóxicas dun cultismo entrado recentemente na lingua; algo semellante, aínda que non se trata do mesmo caso, ocorre en “outubro” (mapa 329) ou en “alto” (343). Estes resultados son sen dúbida moi interesantes, mais deberían figurar con algunha indicación que os diferenciase das evolucións patrimoniais.

No tocante ós contidos, os mapas recollen de maneira ampla e sistemática todas aquelas evolucións que poden ser de interese para o estudio da fonética histórica e da dialectoloxía do galego; mesmo nalgúns casos aparecen formas que repiten de maneira idéntica ou case idéntica os mesmos resultados (cfr. mapas 176 e 177, p.e.), o que non pode ser visto como un defecto. Pola súa propia concepción e polos obxectivos para os que foi deseñado, outros aspectos de variación fónica actual no galego están máis irregularmente representados; e así as realizacións de /s/ implosivo (que inclúe o rotacismo) están estudiaadas en 12 mapas (197-208), mentres que as harmonizacións das vocais pretónicas só aparecen en 5 deles (134-138), ou a presenza de lateral palatal fronte a outras realizacións deslateralizadas só é tratada nun mapa (390). Naturalmente, dado que estes fenómenos varían nun mesmo lugar dependendo de grupos sociais, de grupos de idade, etc., os resultados do ALGa teñen soamente valor indicativo, e deben ser complementados por estudos particulares máis completos.

Nótese que as observacións que vin facendo refírense case na súa totalidade a cuestións secundarias ou de detalle dos títulos e das lendas, xa que dificilmente se lle poden encontrar pegas de certa importancia a este traballo amplo, sólido e rigoroso. Os autores extraeron dun cuestionario que contemplaba só de maneira parcial os aspectos fónicos (V. introducción, p. 11) unha enorme cantidade de información de interese para o estudio da lingua galega, e souberon elaborala e presentala de maneira accesible e sistemática, nunha obra que xa é referencia inexcusable para os estudos de fonética, de dialectoloxía e de gramática histórica da lingua galega. Só queda esperar a que en breve se empecen a publicar os anunciados volumes correspondentes ó léxico.

#### *Referencias bibliográficas*

- González González, M. (1991): "Subsistemas de sibilantes do galego actual", in D. Kremer (ed.): *Actes du XVIII Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes (Université de Trier, 1986)*. Vol. 3. Tübingen: Max Niemeyer, 1991, 531-548.
- Veny, Joan (1996): "Presentación do Atlas Lingüístico Galego", *Cadernos de Lingua* 13, 1996, 147-152.

X. L. REGUEIRA